Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo municipal de abastecemento de auga potable a domicilios do Concello de Cospeito que establece nos artigos 7º e 8º o devengo trimestral das cotas periódicas e a súa liquidación en documento cobratorio único xunto coas taxas da rede de saneamento e recollida domiciliaria de lixo.

Ditadas Resolucións de Alcaldía polas que se resolven solicitudes de cambio de titularidade de contratos de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida de lixo.

Tendo en conta o establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e no Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga cuxa Disposición derradeira segunda establece a súa entrada en vigor a partir do 1 de xullo de 2012.

Considerando que en virtude do establecido no artigo 48.3. do citado decreto 136/2012, do 31 de maio, en relación co artigo 2º.21 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, o Concello de Cospeito ten a condición de entidade subministradora obrigada a repercutir, conxuntamente cas liquidacións da taxa de abastecemento de auga e sumidoiros as correspondentes cotas do canon autonómico de auga con arreglo as tipos e normas de liquidación que os citados texto legais establecen.

Confeccionado de acordo cas referidas disposicións regulamentarias o padrón de contribuíntes suxeitos a tributación correspondentes ao 1º período trimestral do 2022, contendo as variacións anteriores.

De conformidade co establecido no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria e nas Ordenanzas fiscais de cada tributo e demais disposicións concordantes, e considerando o acordado no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como a competencia que ostento como Alcalde –Presidente para ditar o presente acto, en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais,

RESOLVO:

PRIMEIRO. *Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 67.241,69€ (IVE incluído) correspondente ao 1º trimestre de 2023 polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:*

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
1º T 2023	25.488,88	29.707,69	342,96	9.148,45	2.553,71	67.241,69

SEGUNDO. Reiterar a publicación do período de cobro en voluntaria reflectido no calendario fiscal do ano 2023:

Padrón	Período voluntario de cobro
1º Trimestre 2023	Do 17/07/2023 ao 16/08/2023

TERCEIRO. Disponer a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.

CUARTO. Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso –administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercitar calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico –administrativa ante o órgano económico –administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega, Santander e Abanca). Transcorridos ditos prazos iníciase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 17 de xullo de 2023.- O alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 2387

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES POLAS QUE SE REGULA O PROCESO SELECTIVO PARA O A COBERTURA, CON CARÁCTER DEFINITIVO E EN RÉXIME FUNCIONARIAL, DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Por DECRETO DE ALCALDÍA nº 2023-0212, de data 18/07/2023, aprobáronse as bases reguladoras e a convocatoria do proceso selectivo para a provisión, con carácter definitivo, dunha praza de Auxiliar Administrativo, funcionario de carreira, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda libre.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo normalizado que figura como ANEXO II ás bases no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

As bases, solicitudes de participación e demais información referente ao proceso selectivo poderá ser consultada na sede electrónica do Concello do Folgoso do Courel, á que se pode acceder a través do seguinte enlace: <https://folgosedocourel.sedelectronica.es/info.0>.

BASES QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A EXPERTO/A NO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL, FUNCIONARIO/A DE CARREIRA.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a provisión, con carácter definitivo e a través do sistema de concurso – oposición, dunha praza de Auxiliar Administrativo/a Experto/a, como funcionario/a de carreira, subgrupo C2, incluído na OEP 2020 do Concello de Folgoso do Courel (BOP de Lugo Núm. 261 do venres, 13 de novembro de 2020).

2.- FUNCÍONS, RETRIBUCÍONS E XORNADA

As funcións do posto encóntranse reguladas no *Instrumento de análise, descrición, clasificación, ordenación e valoración dos postos de traballo* elaborado pola Deputación Provincial de Lugo en outubro de 2012 e aprobado polo Pleno municipal en sesión extraordinaria celebrada en data 28/01/2013. Neste instrumento descríbese como función do posto a “Execución e apoio nas tarefas administrativas a nivel operativo”, detallándose, de seguido, as seguintes tarefas:

1. Atender ao público, persoal e telefónicamente, proporcionando nalgúns ocasións información referente a actividade de cada unidade (buscando datos, axudando a cumprimentación de instancias e documentos dos cidadáns, e noutras dirixindo ao administrado a persoa, oficina ou entidade correspondente). Para iso realizará os trámites, consultas e xestións necesarias para que a información facilitada sexa o máis precisa posible.
2. Rexistrar documentos de entrada e saída na entidade.
3. Clasificar documentos para poder rexistralos, arquivalos e para que se proceda continúe a súa tramitación administrativa.
4. Introducción de datos (numéricos e alfabéticos) nas correspondentes aplicacións informáticas, así como a clasificación, tramitación e impresión dos correspondentes produtos.
5. Realizar cálculos aritméticos, comprobando, contabilizando, cotexando, revisando os datos e cantidades para proceder a rexistralos ou anotálos, realizar e conciliar arqueos e ou para que continúe, se procede, a súa tramitación administrativa.
6. Arquivar a documentación para a súa posterior localización e formación do expediente administrativo (arquivo de xestión) ou envío ao arquivo municipal.
7. Cumprimentar, manual ou mecánicamente, modelos preestablecidos de documentos administrativos tales como: informes, certificados, contratos, actas, acordos, decretos...
8. Executar trámites cotiáns e levar o seguimento.
9. Utilizar aplicacións informáticas tales como: tratamento de textos, folla de cálculo, base de datos... confeccionando os correspondentes documentos.
10. Utilización de máquinas (impresora, fotocopidora, ordenador) realizando se é o caso copias de seguridade.
11. Despacho de correspondencia.
12. Realización dos trámites realizados coa xestión do padrón de habitantes.

13. Colaborar, en certos extremos, coa formación no posto do traballo do persoal contratado temporalmente para empregos de carácter burocrático.
14. Suplir ausencias temporais e/ou puntuais dos ocupantes dos postos de traballo de carácter burocrático-administrativo cando así o decida a Alcaldía.
15. Colaboración co secretario-interventor no referente a resolucións administrativas, acordos dos organismos colexiados e tramitación dos expedientes administrativos.
16. Colaboración co persoal nas tarefas burocráticas, xestión de nóminas, xestión de persoal, padrón de lixo e sumidoiros.
17. Calquera outra tarefa de carácter burocrático administrativo acorde coa súa categoría laboral que se atribúa pola alcaldía.

As retribucións a percibir serán as retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C2 que se determinen legalmente, e as retribucións complementarias as consignadas nos orzamentos do Concello de Folgoso do Courel (Lugo), a saber:

COMPLEMENTO DESTINO (18)	6.420,96 €
COMPLEMENTO ESPECÍFICO ANUAL	4.878,72 €

A xornada de traballo será de 37,50 horas semanais, fixando como días de descanso o sábado e o domingo. O horario de traballo será o correspondente ao do persoal administrativo do Concello.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso de selección, os aspirantes deberán reunir na data de finalización do prazo de presentación das instancias os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Non padecer nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das correspondentes funcións.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais (O certificado de escolaridade considérase equivalente ó graduado escolar segundo Orde ECD/1417/2012, do 20 de xuño pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e doutros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, do 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa, para efectos laborais). Para titulacións obtidas no estranxeiro deberá aportarse o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.
- f) Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- g) Acreditar o coñecemento da lingua galega do nivel Celga 2 ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 16 de xullo de 2007, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega. As persoas aspirantes que non presenten esta acreditación deberán realizar a proba de lingua galega prevista na Base 6ª.

Os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade no período comprendido entre a proposta de nomeamento e a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, o aspirante seleccionado comprométese a renunciar á mencionada actividade.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

Será nulo o nomeamento dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

4. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para tomar parte no proceso de selección axustarase ao **modelo normalizado** que figura como **ANEXO II** ás presentes bases, e a súa presentación comportará a aceptación incondicionada do contido das mesmas por parte do interesado. Non serán admitidas as solicitudes presentadas nunha forma distinta á indicada, de conformidade co artigo 66.6 da LPAC. Este modelo normalizado porase a disposición dos/as aspirantes en formato editable tanto nas dependencias municipais coma na sede electrónica do Concello.

As solicitudes presentaranse, debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da LPAC, no prazo de **vinde (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE)**. A presentación de solicitudes fora deste prazo implicará a inadmisión das mesmas.

Xunto coa **solicitud**, todo interesado deberá achegar a seguinte documentación:

- Copia autenticada do DNI ou documento equivalente.
- Copia autenticada da titulación requirida.
- Copia autenticada da titulación CELGA 2 ou equivalente que acredite o nivel de galego esixido, de ser o caso.
- Copia autenticada da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no baremo, de ser o caso.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que se desexen sexan valorados na forma expresada nas presentes bases. Os méritos aos que se fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data. A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala nestas bases determinará que estes non sexan tidos en conta polo tribunal.

Os aspirantes con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios, para garantir a igualdade de oportunidades co resto dos aspirantes.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

5. PUBLICIDADE

A publicación da convocatoria realizarase mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, as bases completas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e na sede electrónica deste Concello (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>) (apartado taboleiro de anuncios).

6. ADMISIÓN

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos no prazo máximo dun mes, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica deste Concello (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>), sinalándose un prazo de **dez (10) días hábiles** para a subsanación de erros.

Transcorrido o prazo de corrección, aprobarase a lista definitiva de admitidos, publicándose o anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica deste Concello (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>). No mesmo anuncio farase constar o día, hora e lugar no que se realizarán as probas. Igualmente, na mesma Resolución, farase constar a designación do tribunal titular e suplente.

En caso de que tódalas persoas aspirantes resulten inicialmente admitidas e non se deba emendar ningunha solicitude, a Alcaldía ditará Resolución declarando aprobada, directamente, a lista definitiva de admitidos, co contido sinalado no parágrafo anterior.

Unha vez comezadas as probas non será obrigatoria a publicación da celebración das sucesivas probas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo suficiente a súa publicación na sede electrónica deste Concello (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>), con 12 horas de antelación, se é o mesmo exercicio, ou 24 horas se é diferente exercicio. Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días, a excepción da proba de galego que se celebrará o mesmo día, e con carácter previo, ao primeiro exercicio da fase de oposición.

7. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, un dos cales actuará coma presidente e outro como secretario do tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e buscarase a paridade entre a muller e o home. A súa composición nominal publicarse no BOP de Lugo, conxuntamente coa fixación da data de realización das probas.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal conforme ó artigo 24 de dita Lei.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso, requírese a presenza do/da presidente/a e do/da secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que podan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os membros do tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que podan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo tribunal, por maioría.

8. SISTEMA DE SELECCIÓN

Os/as aspirantes serán convocados/as para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos/as do proceso as persoas que non comparezan. As persoas aspirantes deberán vir provistos do DNI, ou documento equivalente.

O sistema de selección será o de concurso-oposición, correspondendo a fase de oposición o 60 % da puntuación total e a fase de concurso o 40 %.

FASE DE OPOSICIÓN (60 % do proceso selectivo): carácter obrigatorio e eliminatorio.

A fase de oposición será posterior á de concurso e consistirá na realización dos seguintes exercicios. A puntuación máxima que se poderá acadar nesta fase son 60 puntos (60% do proceso selectivo) e comprenderá a suma da puntuación obtida en cada exercicio apto.

Primeiro exercicio: EXAME TIPO TEST (máximo 30 puntos)

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio e será preciso obter unha puntuación mínima de 15 puntos para poder superalo.

Consistirá na realización dun exercicio tipo test de 50 preguntas e 5 preguntas de reserva que tratarán sobre as actividades propias do posto a desempeñar e segundo o temario previsto no Anexo I das presentes bases.

As preguntas terán 4 respostas alternativas das cales só unha é correcta.

O tempo de realización do mesmo será de 60 minutos, e cada pregunta correcta sumará 0,60, descontando cada resposta incorrecta 0,20 puntos. As preguntas non contestadas (en branco) non sumarán nin restarán.

Segundo exercicio: EXAME PRÁCTICO (máximo 30 puntos)

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio e será preciso obter unha puntuación mínima de 15 puntos para poder superalo.

Consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos propostos polo tribunal e que tratarán sobre as actividades propias a desempeñar e segundo o temario previsto no Anexo I das presentes bases. O tempo de realización deste exercicio será de 60 minutos. Os aspirantes poderán neste exame facer uso de lexislación, doutrina ou calquera outro material de apoio, podendo utilizar tamén máquinas de calcular.

Unha vez rematado o exercicio, o tribunal poderá determinar a lectura do mesmo se o estima convinte, quedando facultado para solicitar do aspirante calquera aclaración en relación a exposición escrita do mesmo.

No caso de que o tribunal determinase a lectura do exercicio, se algún aspirante non procedese á mesma, será cualificado con 0 puntos.

Valorarase neste exercicio a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos, así como a súa fundamentación na lexislación vixente na materia, o pragmatismo na resolución dos supostos e a formulación de conclusións adecuadas. A claridade na solución proposta e a presentación da mesma tamén será tida en conta polo tribunal, así como calquera outro criterio que o tribunal estableza e considere oportuno.

No suposto de que o exercicio conte con varios supostos prácticos, deberá indicarse no mesmo a puntuación a outorgar a cada un deles.

Terceiro exercicio: PROBA DE GALEGO (apto / non apto):

En cumprimento do sinalado, as persoas aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, elixido polo Tribunal.

Para superar a proba é necesario obter o resultado de APTO, dispoñendo dun tempo máximo de 20 minutos para a súa realización.

O texto non poderá ter máis de 200 palabras, sendo considerados como NON APTOS aqueles que teñan 10 erros ou máis (tradución, gramática e acentuación).

Están exentos da realización de dita proba os/as aspirantes que acrediten posuír con data límite do prazo de subsanación de instancias, o CELGA 2 ou equivalente na forma expresamente descrita nestas bases.

FASE DE CONCURSO (40 % do proceso selectivo): de carácter non obrigatorio e non eliminatorio.

Con carácter previo á fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso entre os/as aspirantes admitidos/as que presentaron a instancia para participar no proceso de selección. A puntuación total dos méritos non poderá exceder de 40 puntos.

1. Experiencia profesional (máximo 10 puntos).

Terase en conta a experiencia profesional dos/as aspirantes no posto de traballo que se convoca, do xeito que se indica a continuación:

- Por servizos prestados en calquera das Administracións Públicas como Administrativo ou Auxiliar Administrativo en réxime funcional ou laboral, a razón de 0,20 puntos por cada 30 días de traballo, segundo informe de vida laboral. Non serán obxecto de valoración os servizos prestados na modalidade de prácticas ou formativos.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente, desprezando os decimais, pola puntuación que corresponda.

A experiencia profesional computarase mediante informe de vida laboral ao que obrigatoriamente deberá achegarse copia de contratos de traballo ou certificados de servizos prestados nos que consten as funcións desempeñadas. A carencia dun destes documentos implicará a non valoración deste mérito alegado.

O tempo traballado a xornada parcial computarase ata acadar o 100% da xornada, segundo informe de vida laboral. En calquera caso, o cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.

2. Formación complementaria (máximo 15 puntos).

Valoraranse os cursos de formación que versen sobre materias que garden relación co posto de traballo ao que se aspira acceder e/ou coa Administración Pública en xeral, sempre e cando a súa temática corresponda co temario incluído no Anexo I das presentes bases. É requisito para ser valorados que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública, Universidade Pública ou por outros organismos, sempre e cando, neste último caso, se encontren debidamente homologados por unha Administración Pública. A valoración realizarase consonte ao seguinte:

FORMACION COMPLEMENTARIA	PUNTUACION
Por cada curso con duración igual ou superior a 20 horas e inferior a 40 horas	0,30
Por cada curso con duración igual ou superior a 40 horas e inferior a 60 horas	0,50
Por cada curso con duración igual ou superior a 60 horas e inferior a 100 horas	0,80
Por cada curso con duración igual ou superior a 100 horas e inferior a 140 horas	1,30
Por cada curso con duración igual ou superior a 140 horas e inferior a 180 horas	1,50
Por cada curso con duración igual ou superior a 180 horas	2,00

A formación complementaria deberá acreditarse mediante copia autenticada dos diplomas ou certificados acreditativos de ter realizada a formación nos que conste o número de horas lectivas.

Non se puntuarán as accións formativas que non acrediten as horas de duración, que non conteñan data, nin os cursos de informática anteriores ao ano 2010.

Non se valorarán os másters oficiais e cursos impartidos polas Universidades baixo a denominación de títulos propios.

No suposto de que se presenten varios diplomas ou títulos con idéntica denominación puntuarase o curso de maior duración, e, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se houbera realizado na data máis próxima á de finalización do prazo de presentación de instancias.

A formación complementaria cunha duración inferior a 20 horas. non será tida en conta aos efectos de valoración de méritos

3. Titulacións académicas (máximo 15 puntos).

Valoraranse outras titulacións académicas de nivel superior ao esixido para o acceso á praza de Auxiliar Administrativo conforme aos seguintes criterios de puntuación:

TITULACIÓN ACADÉMICA	PUNTUACION
Contar cun título oficial de formación profesional de grao medio das familias de administración e xestión	5,00
Contar co título oficial de Bacharelato	5,00
Contar cun título oficial de formación profesional de grao superior das familias de administración e xestión	7,50
Contar con algún dos títulos universitarios seguintes, con idéntica denominación ou denominación equivalente: — Grado en Administración e Dirección de Empresas — Grado en Dereito — Grado en Economía — Grado en Finanzas e Contabilidade — Grado en Xestión y Administración Pública — Grado en Relacións Laborais e Recursos Humanos	10,00

9. CUALIFICACIÓNS

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de oposición e na de concurso.

A puntuación total de todos os exercicios, incluída a fase de concurso, será de 100 puntos.

No caso de empate na valoración total do concurso-oposición, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no segundo exercicio da fase de oposición (exame práctico), e no caso de persistir no empate, á puntuación obtida no primeiro dos exercicios. En caso de persistir o empate resolverase a favor do aspirante que obtivese maior puntuación na fase de concurso.

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aprobados, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>), precisándose que o número de aprobados non poderá superar o número de prazas vacantes convocadas. A antedita relación elevarase á Presidenta da Corporación para que proceda ao nomeamento do/a candidato/a proposto/a como funcionario/a de carreira do Concello de Folgoso do Courel.

10. RESOLUCIÓN (PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO)

O aspirante proposto a ser nomeado presentará, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da proposta de selección na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello, no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da LPAC, a seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, declaración xurada de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente a data anterior ao nomeamento.

d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

e) Indicación do número de conta bancaria.

Se non se presentara dentro do prazo fixado a documentación esixida nesta base, agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deducira que o aspirante carece dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, o mesmo non poderá ser nomeado, e quedarán anuladas tódalas actuacións con respecto a el, procedéndose a contratar ao que lle siga na lista por orde de puntuación, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsidade na solicitude de participación.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo candidato proposto, a Alcaldía ditará resolución procedendo o seu nomeamento como funcionario de carreira no prazo de un (1) mes contado a partires do remate do prazo de 10 días hábiles anteriormente recollido. O nomeamento deberá publicarse no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Con carácter previo ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito e de fiscalización previa á Intervención Municipal.

Unha vez publicado o nomeamento de persoal funcionario, a persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo de un (1) mes.

A adquisición da condición de persoal funcionario esixe, ademais do correspondente nomeamento, o cumprimento sucesivo do acto de acatamento da Constitución, do Estatuto de autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

11. INCOMPATIBILIDADES

O/a aspirante proposto/a quedará suxeito/a, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

12. INCIDENCIAS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Para o non previsto nas bases, serán aplicables o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, con carácter supletorio.

FOLGOSO DO COUREL, 19 de xullo de 2023.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

ANEXO I.- PROGRAMA DE MATERIAS

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Título preliminar.

Tema 2.- A Constitución Española de 1978. Título I: Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 3.- A Constitución Española de 1978. Título IV: Do goberno e da Administración.

Tema 4.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: A motivación e forma.

Tema 5: A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Título I: Dos interesados no procedemento. Capacidade de obrar e concepto de interesado. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo.

Tema 6.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Título II: Da actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación. Términos e prazos.

Tema 7.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Título III: Dos actos administrativos. Requisitos e eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

Tema 8.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Título IV: Das disposicións sobre o procedemento administrativo común.

Tema 9.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Título V: Da revisión dos actos en vía administrativa.

Tema 10: A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Título Preliminar: Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público.

Tema 11: A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Título I: Transparencia da actividade pública.

Tema 12: A Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Título II. Principios de protección de datos.

Tema 13: A Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Título III. Dereitos das persoas.

Tema 14: A Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Título IV. Disposicións aplicables a tratamentos concretos.

Tema 15: A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Título II: O municipio. Territorio, poboación, organización e competencias.

Tema 16: A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Título V: Disposicións comúns as entidades locais.

Tema 17: A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Título VI: Bens, actividades e servizos, e contratación.

Tema 18: A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Título VIII. Facendas Locais.

Tema 19: Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais. Título II: Da poboación e do padrón.

Tema 20: Resolución do 29 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión do Padrón municipal.

Tema 21: Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Título I: Enumeración dos recursos das facendas locais. As ordenanzas fiscais.

Tema 22: Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Título II: Enumeración dos recursos dos municipios.

Tema 23: Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Título VI: Orzamento e gasto público. O Orzamento Xeral das Entidades locais: concepto e contido. As bases de execución do orzamento. A Elaboración e aprobación do Orzamento. A prórroga do Orzamento.

Tema 24: A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014: Obxecto e finalidade. Delimitación dos tipos contractuais.

ANEXO II.- MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A EXPERTO/A DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL**1. DATOS DO/A ASPIRANTE**

Nome e apelidos

NIF/NIE

Domicilio

CP

Municipio

Provincia

País

Teléfono

Móbil

Enderezo electrónico

2. DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE REPRESENTANTE (soamente cubrir en caso de ser preciso)

Nome e apelidos

NIF/NIE

Domicilio

CP

Municipio

Provincia

País

Teléfono

Móbil

Enderezo electrónico

3. DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIONES☐ Os mesmos que os da persoa ou entidade interesada☐ Os mesmos que os da persoa ou entidade representante**4. MEDIO A TRAVES DO CAL DESEXA RECIBIR AS NOTIFICACIÓNS**☐ De forma telemática☐ Por correo postal**5. EXPÓN**

Que, vista a convocatoria anunciada no Boletín Oficial do Estado do proceso de selección para a cobertura en propiedade dunha praza de auxiliar administrativo/a experto no Concello de Folgoso do Courel, funcionario/a de carreira (OEP 2020)

6. DECLARA RESPONSABLEMENTE

Cumprir con tódolos requisitos expresados na BASE 3 das bases reguladoras.

6. SOLICITA

Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin de participar no proceso de selección para a cobertura en propiedade dunha praza de auxiliar administrativo/a experto no Concello de Folgoso do Courel, funcionario/a de carreira (OEP 2020)

7. DOCUMENTACIÓN QUE APORTA

- ☐ 1. Copia autenticada do DNI ou documento equivalente.
- ☐ 2. Copia autenticada da titulación requirida.
- ☐ 3. Copia autenticada da titulación CELGA 4 ou equivalente que acredite o nivel de galego esixido, de ser o caso
- ☐ 4. Copia autenticada da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no baremo, de ser o caso

8. RELACION DE MÉRITOS QUE DESEXO ME SEXAN VALORADOS

8.1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 10 PUNTOS)

Administración Pública	Denominación posto/praza	Duración (en días)	Data inicio	Data fin	Vinculación funcional/ estatutaria/laboral
------------------------	-----------------------------	-----------------------	----------------	-------------	---

8.2. FORMACION COMPLEMENTARIA (MÁXIMO 15 PUNTOS)

Denominación	Centro de impartición	Horas
--------------	-----------------------	-------

8.3. TITULACIÓNS ACADEMICAS (MÁXIMO 15 PUNTOS)

- ☐ Contar cun título oficial de formación profesional de grao medio das familias de administración e xestión
- ☐ Contar co título oficial de Bacharelato
- ☐ Contar cun título oficial de formación profesional de grao superior das familias de administración e xestión

- ☐ Contar con algún dos títulos universitarios seguintes, con idéntica denominación ou denominación equivalente (debendo determinar neste último caso a denominación exacta do título que desexa sexa valorado):
- Administración e Dirección de Empresas.
 - Dereito.
 - Economía.
 - Finanzas e Contabilidade
 - Xestión e Administración Pública.
 - Relacións Laborais e Recursos Humanos
 - OUTRA DENOMINACIÓN: _____

9. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable

Concello de Folgoso do Courel

Finalidade

Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou non exercicio de poderes públicos conferido ao responsable do tratamento: artigo 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro

Lexitimación

A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obrigaón legal regulada na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, no R.D. L. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e normas análogas. Non se ceden datos a terceiros, salvo imperativo legal.

Destinatarios

De conformidade cos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento europeo e do consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas, así como os artigos do 12 ao 18 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os afectados contan cunha serie de dereitos no tratamento dos seus datos persoais, a saber: dereito de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición

Dereitos

Pode consultar información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón: <https://www.aepd.es/>

Información adicional

A solicitude, así como toda a documentación achegada, suma un total de ___ follas.

En _____, a _____ de _____ de 202_

O/A solicitante

ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL

R. 2388

LUGO

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local número 22/566 celebrada o 19/07/2023 do teor literal que de seguido se transcribe, apróbanse as bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións culturais e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da cultura (Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua) e para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas, nas que se levan a cabo estes programas e actividades; no exercicio 2023,

incluídas no Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025, mediante acordo da Xunta de Goberno Local 9/199, de data 25/04/2023.

<<Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa de sección de Cultura do 17 de xullo de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

De conformidade co establecido no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local en consonancia co disposto no artigo 232 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os concellos deben favorecer o desenvolvemento das asociacións (e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro) para a defensa dos intereses da veciñanza, así como o acceso ás axudas económicas tanto para sufragar os gastos xerais delas como as actividades que realicen.

O outorgamento de subvencións é unha técnica de fomento de determinadas actuacións e actividades que se consideran de utilidade pública ou de interese social que, mediante un procedemento de concorrência competitiva axustada aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade, permite desenvolver, a través de entidades privadas, actividades que complementan as competencias propias que lle corresponderían ao Concello, como é neste caso a prestación de servizos culturais, etc.

Visto o artigo 25 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo, no que se establece para os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva que, con carácter previo ao outorgamento de subvencións, se aprobarán as correspondentes bases reguladoras de subvencións.

O Concello de Lugo aprobou o Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025, mediante acordo da Xunta de Goberno Local 9/199, de data 25/04/2023.

Vistos:

1.-Certificación de existencia de crédito da Tesourería Municipal de data 19/01/2023, de consignación orzamentaria na aplicación 33000.48900, RC nº 4515/2023 por importe de 14.900 euros.

2.- Informe do Servizo de Fomento, no que se manifesta que a proposta de bases é axustada á regulamentación específica, asinado pola xefa de servizo de data 06/06/2023.

3.- Informe do Servizo de Intervención Xeral Municipal, número 2023/977 no que manifesta como resultado da fiscalización previa limitada a procedencia da tramitación do expediente, asinado por polo xefe de servizo de Control Financiero e polo Interventor Xeral Municipal en data 20/06/2023.

Con base no exposto e visto que a Xunta de Goberno Local resérvase, segundo o artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o exercicio destas atribucións,

PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Que á vista da aprobación do Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025, mediante acordo da Xunta de Goberno Local 9/199, de data 25/04/2023, se proceda á convocatoria para o exercicio 2023 de subvencións ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido dos servizos culturais (Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua) e para o desenvolvemento de programas e actividades culturais de interese xeral e sectorial e para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo estes programas e actividades de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrência competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 14.900 euros a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua con cargo á aplicación orzamentaria 33000.48900. RC: 4515/23

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerá polo establecido nas seguintes **BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA (ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA) E PARA O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DAS INFRAESTRUTURAS, NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTES PROGRAMAS E ACTIVIDADES. EJERCICIO ECONÓMICO 2023.**

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ás asociacións e a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2023, de programas e actividades culturais que beneficien a colectivos no eido da cultura nas que se levan a cabo os ditos programas e actividades, e que en todo caso estean directamente relacionadas co fomento da cultura, o turismo ou a promoción da lingua.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe “gastos subvencionables”.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de

subvencións, as bases de execución do orzamento, Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Entidades beneficiarias.Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo.
- b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, Rexistro público de fundacións ou calquera outro rexistro público.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.
- d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Ter xustificados debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da cultura.
- g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación cultural realizada pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2023.
- i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e, de ser o caso, renovación dos membros da directiva.
- j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2023 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Importe
Cultura	33000.48900	14.900,00 €

Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o texto legal: “*considérase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a subsanación*”.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DÍAS HÁBILES**, contado dende **o seguinte ao da publicación oficial da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse as Bases na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

Artigo 5. Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Solicitude, segundo o modelo do ANEXO.- Solicitude de subvención, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar, no seu caso, nas diferentes administracións os datos tributarios e outras informacións declaradas.
- b) Fotocopia do NIF da entidade.
- c) Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo e actualizado desta representación.

d) Tanto no caso de subvencións solicitadas para o desenvolvemento de proxecto, actividades ou programas como para financiar os gastos de mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas da asociación ou entidade deberán de presentar as actuacións a desenvolver, cunha relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral, etc. segundo o ANEXO.- Descrición das actuacións a desenvolver, que poderá vir acompañado do proxecto que se estime máis conveniente co fin de acadar unha mellor avaliación.

e) Declaración responsable, segundo modelo que figura no ANEXO.- Declaración responsable de solicitude, acreditativa:

1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención, así como outras achegas, axudas ou colaboracións de carácter non económico.

2. De que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente. No caso de que a contía solicitada pola Entidade beneficiaria supere na convocatoria o importe de 3.000 euros deberán achegar as correspondentes certificacións, conforme o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

4. De que a entidade non se encontra inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6. De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2023.

f) Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.

g) Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia dun departamento de muller e igualdade, se fose o caso.

h) Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.

i) Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, e de non cumprir dito requirimento, terase por desistido da súa solicitude, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. **Dado o carácter competitivo do procedemento, ADVÉRTESE EXPRESAMENTE** que en ningún caso se concedera prazo para a mellora da documentación valorable e puntuable; a non acreditación dos criterios para outorgar os puntos establecidos no artigo 8 "criterios de valoración e contía da subvención" implicara a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas ao Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

O procedemento instruírase no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os Tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os de Área e nas/os Concelleiras/ros delegadas/os conforme acordo da Xunta de Goberno Local 28/452, de data 17/06/2019.

Comisión avaliadora. Composición:

- Presidenta/e: Xefa/e do Servizo/Sección de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Vogal: Un traballador/a adscrito ao Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Vogal: Un técnico/a do Servizo de Intervención
- Secretaría: Un Funcionario/a do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

- Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funciós: Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada; á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instructor do procedemento.

Órgano instructor. Funcións:

- Requerirlle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.
- Requerir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.
- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.
- O órgano instructor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local, competencia delegada nas/os Tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os de Área e nas/os Concelleiras/ros delegadas/os conforme acordo da Xunta de Goberno Local 28/452, de data 17/06/2019.

Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento:

Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.
- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.
- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.
- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas

Procederáse á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá publicar a información relativa ás fases contables: A (bases, convocatoria), D (fase de adxudicación) e O (recoñecemento da obriga) na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Criterio de valoración	Puntuación
Interese xeral da actividade ou programa no ámbito municipal.	Ata 1
Orixinalidade e carácter innovador da actividade. Grao de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio.	Ata 0,5

Criterio de valoración	Puntuación
Carácter permanente e continuo da actividade subvencionada ou programa (sen contar a edición actual). De 1 a 5 anos de actividade: 1 punto. De 6 a 10 anos de actividade: 2 puntos. Máis de 10 anos de actividade: 3 puntos.	Ata 3
Que se trate de entidades ou asociacións que colaboren desinteresadamente, sen contraprestación económica, en actuacións organizadas polo Concello de Lugo: 1 actuación: 0,5 puntos. Máis de 1 actuación: 1 punto.	Ata 1
Actividades de carácter gratuito, abertas ao público en xeral e que fomenten a participación da cidadanía.	Ata 1
Actividades que promoven a igualdade, non discriminación e educación e valores nas actuacións propostas.	Ata 1
Achega dun Plan de medios onde se recollan as actuacións de difusión previstas, coa correspondente especificación en cada caso e nas que se indique a colaboración do Concello de Lugo: - Actuacións en redes sociais: 0,5 puntos. - Cartelería e folletos impresos: 0,5 puntos. - Anuncios en prensa escrita (xornais, revistas, etc.): 0,5 puntos. - Anuncios en radio, tv, etc.: 0,5 puntos.	Ata 2
Difusión dos valores culturais lucenses e galegos.	Ata 0,5
Que na composición da directiva da asociación exista como mínimo unha porcentaxe do 50% de mulleres.	0,5
Que a entidade conte cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade (debidamente acreditado con certificación e acordos ou actas).	0,5
Puntuación máxima	11 puntos

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto, que determinará as cantidades inicialmente asignadas a cada beneficiario. Excepcionalmente, de acordo co artigo 22.1 da LXS, prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da actividade para a que se solicita subvención, **segundo o orzamento presentado**, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

Artigo 9. Gastos subvencionables

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación, e en todo caso dentro do ano 2023. Excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior prazo pero que figuren como aboados no momento de remisión a Intervención da documentación xustificativa da subvención, aos efectos da súa fiscalización.
2. Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como: Alugamentos, gastos de transporte, gastos de pequena reparación, mantemento e conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...) vestiario, prestación de servizos culturais e outros gastos

diversos como publicidade, imprenta, etc. (no caso de que se aporten facturas relativas a combustible ou teléfono deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención, ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo, así como a súa titularidade pola Asociación ou entidade beneficiaria e a xustificación da aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado, entendendo como tal aquel que en ningún caso supere o importe de 300,00 €).

3. Tamén serán subvencionables os gastos de persoal necesario para o desenvolvemento dos programas e actividades subvencionadas, ata un máximo do 40% do importe da subvención concedida.
4. Non serán subvencionables:
 - Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
 - Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
 - Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
 - Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas.
 - Os impostos e taxas municipais.
 - Os gastos de transporte de excursións e viaxes que non teñan como finalidade a promoción da cultura e/ou actividade cultural lucense.

Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar, a través dos medios electrónicos e nos termos dispostos no artigo 4, a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

a) **Memoria explicativa, o máis detallada posible, da realización da totalidade da acción subvencionada (imprescindible relación de gastos e ingresos)**, segundo os modelos que figuran nestas bases como **ANEXO.- Xustificación da realización da actividade** para actividades e para mantemento. Na mesma farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento.

O Concello de Lugo poderá requirir da/o beneficiaria/o a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación, así como calquera outra documentación que se entenda xustificativa da actuación realizada.

Deberase acompañar, se é o caso, todo aquel material complementario que facilite a comprobación de que se levou a cabo a actividade, como **material fotográfico, de difusión das actividades en redes sociais, folletos, carteis, libros, notas de prensa, vídeos, enlaces, podcast, soportes, etc., editados ou publicados en relación coa dita actividade** e que xustifiquen así mesmo o indicado, no seu caso, no Plan de Medios presentado no proxecto.

b) No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferencias, deberase achegar **un informe explicativo destas**, segundo os modelos que figuran nestas bases como **ANEXO.- Xustificación da realización da actividade**.

c) **Facturas** e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda.

As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios: Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira. **En todo caso estarase ao disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".**

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. En todo caso deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente.

Non se admitirán facturas que correspondan á subcontratación das actividades subvencionadas, salvo nos casos regulados no artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 68 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento de Subvencións, que en todo caso deberán ser xustificadas convenientemente indicando a súa necesidade, o detalle das porcentaxes que supoñen, os seus importes, a acreditación do valor de mercado das actividades, o valor engadido que estas aportan a actividade subvencionada e a non concorrencia das circunstancias sinaladas no artigo 29.7.d) da mencionada Lei.

d) Declaración responsable; segundo o modelo que figura no ANEXO. Declaración responsable de xustificación destas bases, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo. (conforme o artigo 24.4 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións, as certificacións do cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, serán obrigatorias cando se supere na convocatoria o importe de 3.000 euros, sendo suficiente en caso contrario incorporar ao expediente declaración xurada por parte da entidade beneficiaria, de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e ed Seguridade Social).

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao pasado exercicio económico, así como todas as variacións que se produciron na súa xunta directiva (este suposto só para as asociacións).

e) Certificacións do cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, cando se supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

f) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación) que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no caso de que non cumpra o dito requirimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

Artigo 11. Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida máis o 10 % do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día, enténdese que a esixencia de xustificación de gastos relativo ó 10%, refírese ó 10% do orzamento da actividade presentadas con independencia do gasto efectivo total devindicado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanciamento da mesma.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir na contía necesaria se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e, polo tanto, a perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o **50% do importe concedido**, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

Artigo 12. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións e ademais:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.

- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.
- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos...
- Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais.
- Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2023.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 13. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 de novembro de 2023**. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráse e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

Artigo 14. Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- O 10% do importe da subvención concedida inicialmente, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación (indicado no artigo anterior, 13 b)).

- O 20% do importe da subvención concedida inicialmente, ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional (indicado no artigo anterior, 13 b)).

Artigo 15. ANEXOS NORMALIZADOS:

Para solicitar subvención deberán presentar os seguintes anexos:

ANEXO.- Solicitude de subvención.

ANEXO.- Descrición das actuacións a desenvolver: actividades e/ou gastos de mantemento e pequenas reparacións co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO.- Declaración responsable de solicitude.

Para xustificar a subvención, deberán presentar os seguintes anexos:

ANEXO.- Xustificación da realización da actividade: memoria na que consten os gastos e ingresos efectuados levados a cabo para o desenvolvemento do programa, actividade ou gastos de mantemento e pequenas reparacións.

ANEXO.- Declaración responsable de xustificación.

ANEXO - SOLICITUDE SUBVENCIÓN**CONCELLO DE LUGO**

ANEXO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AS ASOCIACIÓNS CULTURAIS OU ENTIDADES XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DOS SERVIZOS DA CULTURA OU PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES CULTURAIS E PARA O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS. EXERCICIO ECONÓMICO 2023.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:				NIF/NIE:
ENDEREZO:			CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
“ Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.				

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE

NOME:		Nº REXISTRO MUNICIPAL:	
ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			
PERTENCE A UNHA FEDERACIÓN/AGRUPACIÓN? ☐ Non ☐ Si (indicar a cal):			

Importe da subvención solicitada (en euros)	
---	--

DATOS DO PROGRAMA PARA O QUE SOLICITA SUBVENCIÓN:

NOME:

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas, incluídas as de carácter tributario e coa Seguridade Social.

Lugo,....de de

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da entidade)

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE:

- Fotocopia do NIF da entidade.
- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante.
- Copia do documento acreditativo da representación que ten a persoa solicitante na entidade ou asociación.
- Certificación da conta bancaria da asociación.
- Declaración responsable a achegar coa solicitude (ANEXO.-Declaración responsable solicitude).
- Declaración responsable da/o secretaria/o da entidade, co visto e prace da/o presidenta/o da entidade, no que conste a relación de persoas que figuran na xunta directiva, así como as diferentes vogalías ou departamentos dela.
- Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.
- Acreditar a súa inscrición, de ser o caso, no Rexistro de fundacións da Xunta de Galicia, no do Estado ou en ámbolos dous.
- Acreditar a súa inscrición, de ser o caso, no Rexistro de entidades relixiosas da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións dependente da Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións ou en calquera outro rexistro público que as acredite como tal.
- Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia dun departamento de muller e igualdade, se fose o caso.
- Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.
- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.
- Descrición do programa de actividades a realizar, e ou reparacións de infraestrutura e equipamento previstas cunha relación gastos/ingresos (ANEXO.- Descrición das actividades a desenvolver), que poderá vir acompañado do proxecto que se estime máis conveniente co fin de acadar unha mellor avaliación. Tanto se os obxectivos da subvención son programas de actividades como gastos de mantemento e reparación de infraestrutura e equipamento.

ANEXO - DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS A DESENVOLVER**MODELO DE PROXECTO A SUBVENCIONAR QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2023**

- ☐ Proxecto de actividades culturais.
- ☐ Proxecto de pequenas reparacións e ou gastos de mantemento de infraestruturas.
- ☐ Ambas actuacións.

*A efectos de realizar a valoración, tanto se a solicitude é para proxectos de actividades culturais como para proxectos de pequenas reparacións e ou gastos de mantemento de infraestruturas, será imprescindible cubrir todos os ítems relacionados coas actividades culturais anuais levadas a cabo pola entidade.

DENOMINACIÓN:_____

DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS: (detallar exactamente)

- Descrición das actividades culturais a desenvolver pola entidade:

- Descrición do local onde se vai a realizar o gasto: equipamento, número de metros, réxime de posesión...

- Xustificación da necesidade do gasto:

- Interese xeral da actividade proposta no ámbito municipal:

- Obxectivos que perseguen:

- Colectivo ao que se dirixen as actuacións:

- Número estimado de persoas destinatarias:

- Datas previstas para a realización das actividades:

- Lugar previsto para a realización das actividades:

- Grao de orixinalidade e innovación do proxecto presentado e déficit de actuacións análogas no municipio:

- Carácter permanente e continuo da **actividade ou programa subvencionado**.

(sen contar a edición actual). Marcar cun X. Ano de inicio: _____

☐ De 1 a 5 anos de actividade.

☐ De 6 a 10 anos de actividade.

☐ Máis de 10 anos de actividade.

(Achegarase obrigatoriamente para a súa valoración xustificación da antigüidade).

- Detalle das actuacións desinteresadas, sen contraprestación económica, a realizar en actividades organizadas en colaboración co Concello de Lugo.

Marcar cun X e indicar cal ou cales.

☐ Unha actuación.

☐ Máis dunha actuación no ano.

- Trátase de actividades de carácter gratuito, abertas ao público en xeral e que fomentan a participación cidadá.

Marca cun X e indica cales:

☐ SI

☐ NON

Actividades:

- As actividades propostas promoven a igualdade, non discriminación e educación en valores. De ser o caso explica detalladamente:

- Plan de medios onde se recollan as actuacións de difusión previstas, coa correspondente especificación en cada caso e nas que se indique a colaboración do Concello de Lugo (Actuacións en redes sociais, cartelería e folletos impresos, anuncios en prensa escrita, anuncios en radio, tv, etc.):

- As actividades propostas favorece a difusión dos valores culturais lucenses e galegos. De ser o caso explica detalladamente:

- Na composición da directiva existe como mínimo unha porcentaxe de mulleres do 50%. Marca cun X:

- ☐ SI
☐ NON

- A entidade conta cunha vogalía ou departamento de muller. Marca cun X:

- ☐ SI
☐ NON

A estes efectos achegarase certificación e acordos ou actas.

- Recursos previstos para a execución do proxecto:

a) Recursos materiais:

b) Recursos humanos:

c) **Recursos económicos (relación totalizada de ingresos:** subvencións/achegas de socias/os,etc. da actividade subvencionada):

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN A SUBVENCIONAR:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
TOTAL GASTOS PREVISTOS	

ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS PREVISTOS A EFECTOS DE FINANCIAR A ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
Subvención solicitada ao Concello de Lugo	
Outras subvencións solicitadas:	
Detalle dos recursos propios da entidade (mínimo 10% do orzamento presentado):	
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	

Lugo, ____ de _____ de 2023

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.: _____

ANEXO - DECLARACIÓN RESPONSABLE SOLICITUDE SUBVENCIÓN**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN**

D./D.^a-----provista/o do DNI nº-----en
calidade de (presidenta/e, secretaria/o...) de-----con enderezo
social en-----de Lugo e con NIF nº-----

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

1.- Esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou e/ou recibiu subvencións, axudas e/ou colaboracións de carácter económico ou non económico doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

- ☐ SI
☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2023, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA
TOTAL		

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO
TOTAL		

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita subvención vaise efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente. No caso de que a contía solicitada pola Entidade beneficiaria supere na convocatoria o importe de 3.000 euros deberánse achegar as correspondentes certificacións. Neste sentido autorizo ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas mencionadas obrigas.

4.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6.- Que esta entidade ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2023.

Lugo, ____ de _____ de 2023.

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.:_____

ANEXO - XUSTIFICACIÓN DA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**MODELO DE MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA QUE SE LEVOU A CABO DURANTE 2023.**

- ☐ Proxecto de actividades culturais.
- ☐ Proxecto de pequenas reparacións e ou gastos de mantemento de infraestruturas.
- ☐ Ambas actuacións.

Nota: deberase detallar pormenorizadamente no seu caso as posibles diferencias co proxecto previsto manifestado no momento da solicitude no Anexo: DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS A DESENVOLVER.

-Denominación do proxecto realizado

- Descrición pormenorizada das actuacións levadas a cabo (detallar en que consistiu exactamente a actividade para a que se lle concedeu a subvención):

- Interese xeral da actividade realizada no ámbito municipal:

- Grao de consecución dos obxectivos indicados no proxecto:

- Colectivo ao que se dirixiron as actuacións:

- Número de participantes (persoas beneficiarias directas):_____

- Idade media aproximada das persoas beneficiarias que participaron no desenvolvemento da acción subvencionada:

- Número de homes participantes (a partir de 12 anos):

- Número de mulleres participantes (a partir de 12 anos):

- Número de nenas participantes (0-12 anos):

- Número de nenos participantes (0-12 anos):

- Calendario/Datas de realización das actividades:

- Lugar no que se desenvolveron as actividades:

- Acollida da actividade pola súa orixinalidade e o seu carácter innovador. De ser o caso explica detalladamente:

- Número de edicións da actividade ou programa subvencionado. De ser o caso explica detalladamente e aporta a debida xustificación:

- Número de colaboracións desinteresadas realizadas co Concello de Lugo. De ser o caso explica detalladamente:

- Descrición, de ser o caso, das actividades de carácter gratuíto, abertas ao público en xeral:

- As actividades propostas promoveron a igualdade, non discriminación e educación en valores. De ser o caso explica detalladamente:

- As actuacións de difusión foron realizadas segundo o Plan de Medios comunicado. De ser o caso, explica detalladamente e achega a debida xustificación (notas de prensa, radio, televisión, publicacións en redes sociais, etc :

- As actividades favoreceron a difusión dos valores culturais lucenses. De ser o caso explica detalladamente:

- Recursos utilizados para a execución do proxecto:

a) Materiais:

b) Humanos:

c) Económicos (subvencións/achega socias/os):

O orzamento presentado no seu día ascendía a_____€

O orzamento realmente executado ascende a_____€

Existe (marque cunha cruz a opción que proceda) unha desviación (*diferenza entre o orzamento presentado e o realmente executado*):

☐ SI

☐ NON

En caso afirmativo: por importe de_____€. Especificar os motivos:

-
-
-

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
TOTAL GASTOS	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS OBTIDOS PARA O FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
Subvención concedida polo Concello	
Outras subvencións:	
Recursos propios da entidade:	
TOTAL INGRESOS	

Lugo, ____ de _____ de 2023.

(DNI, sinatura e selo da entidade)

ANEXO - DECLARACIÓN RESPONSABLE XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN**

D.ª/D.-----provisto do DNI nº-----en calidade de (presidenta/e, secretaria/o,...) de-----con enderezo social en-----de Lugo e con NIF nº-----

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

1.- Esta entidade (marque cunha cruz a opción que proceda) solicitou e/ou recibiu subvencións ou axudas de carácter económico ou non económico doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- ☐ SI
☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2023, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía):

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectúouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día e que foi tido en conta respecto dos criterios de avaliación:

- ☐ SI
☐ NON

En caso negativo: Especificar os motivos e as diferencias respecto a cadanseu apartado que foi obxecto de valoración segundo os criterios sinalados no artigo 8:

-
-
-

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente. No caso de que a contía solicitada pola Entidade beneficiaria supere na convocatoria o importe de 3.000 euros deberanse achegar as correspondentes certificacións. Neste sentido autorizo ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas mencionadas obrigas.

4.- As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- Conteñen gastos que xa lle foron aboados á persoa e/ou entidade debedora agás naqueles nos que se acredita a devindicación, pero a data efectiva de aboamento é posterior; suposto este no que se presentará a documentación tan pronto como se dispoña dela.

- Non corresponden á subcontratación das actividades subvencionadas, salvo nos casos regulados no artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 68 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento de Subvencións.

Marcar no caso de que existan subcontratacións:

- ☐ Si: en documento aparte xustifícanse convenientemente indicando a súa necesidade, o detalle das porcentaxes que supoñen, os seus importes, a acreditación do valor de mercado das actividades, o valor engadido que estas aportan a actividade subvencionada e a non concorrencia das circunstancias sinaladas no artigo 29.7.d) da mencionada Lei.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións como asalariado nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6.- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao ano 2023.

Lugo, ____ de _____ de 2023.

(DNI, sinatura e selo da entidade).

Asdo.:_____

CUARTO: Que se proceda á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, e na páxina web do Concello de Lugo.

QUINTO: Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SEXTO: Indícaselles que esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo no prazo de UN MES (artigos 112,123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houbese resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de SEIS MESES dende a data da desestimación por resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art.46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.>>

Lugo, 24 de xullo de 2023.- A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA
Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

R. 2445

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 44 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, fanse publicos os acordos plenarios e as Resolucións da Alcaldía sobre o novo réxime de organización e funcionamento municipal.

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de Xullo, acordou:

Periodicidade das sesións do pleno.

- 1.- O Pleno do Concello celebrará unha sesión ordinaria cada dous meses dentro do segundo mes de cada bimestre natural.
- 2.- O día concreto e a hora de celebración de ditas sesións será fixado polo Alcalde tendo en contra a mellor operatividade do concello, e comunicándollo os concelleiros cunha antelación mínima de 4 días.

Comisións informativas.

- 1.- Crear unha comisión chamada Comisión Informativa e Especial de Contas que asumirá as competencias que a Lei establece para as comisións informativas e para a comisión de contas.
- 2.- Dita comisión estará formada por cinco membros, o alcalde, dous do grupo nacionalista e un de cada un dos demais grupos constituídos.
- 3.- Dita comisión será convocada por quen a presida antes da celebración dos Plenos para ditamina-los asuntos que se inclúan na súa orde do día, así como para o preceptivo ditame das contas do Concello.

Delegación de competencias do pleno.

Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do Pleno:

- a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
- b) A declaración de lesividade dos actos do concello.

c) A concertación das operacións de crédito das que a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento --agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior-- todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

d) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra.

e) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

f) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a tres millóns de euros, así como as alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:

a. Cando se trate de bens inmoebles ou de bens móbiles que estean declarados de valor histórico ou artístico, e non estean previstas no orzamento. Cando estando previstas no orzamento, superen as mesmas porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.

g) As demais que expresamente lle confiran as leis.

Representantes noutros organismos e institucións.

Entidade	Representante
Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra	José Luís Maceda Vilariño
Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra	José Luís Maceda Vilariño
Consello escolar do colexio da Pobra do Brollón	Noelia Besteiro Balado

Por decretos da alcaldía, adoptáronse as seguintes resolucións:

Por decretos 106/2023 e 121/2023 se nomearon tenentes de alcalde, pola orde que se cita, aos seguintes concelleiros:

Ricardo Rodicio González.

Manuel González Moreira.

Noelia Besteiro Balado.

Así mesmo se designan ditos concelleiros como membros da Xunta de Goberno.

Por decreto 128/2023 que corrixe o 123/2023 se establecen as seguintes delegacións da alcaldía.

Establecer as seguintes delegacións:

Concelleiro	Delegacións
Manuel González Moreira	Obras e servizos.
Ricardo Rodicio González	Medio rural, deportes, turismo e medio ambiente.
Noelia Besteiro Balado	Cultura, educación e igualdade.

A alcaldía se reserva a competencia directa en persoal, economía, promoción económica, urbanismo e servizos sociais/benestar.

As citadas competencias inclúen as funcións de xestión, supervisión e dirección e proposta de gasto.

As demais funcións delegables da Alcaldía que prevé a lexislación se delegan na Xunta de Goberno Local.

A Pobra do Brollón, 17 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 2395

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE XUÑO 2023.

Por Resolución de alcaldía do 17 de xullo de 2023, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 11 de agosto de 2023 ao 11 de outubro 2023**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 11 de agosto de 2023 ao 11 de outubro de 2023**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 18 de xullo de dous mil vinte e tres .

A Pontenova, 18 de xullo de 2023.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2396

SARRIA

Anuncio

Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **segundo trimestre de 2023**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de Outubro de 2023, as débedas pendentes esixíranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Sarria, 17 de xullo de 2023.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 2397

O SAVIÑO

Anuncio

RESULTADO DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE O SAVIÑO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE INFORMADOR/A XUVENIL E DE ADMINISTRATIVO/A, INCLUIDAS NA OFERTA EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN 2022, POR CONCURSO (Expte 533/2022).

Rematados os procesos excepcionais para a estabilización de emprego temporal de longa duración previstas nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público referidas as prazas de informador/a xuvenil e administrativo/a convocadas polo concello de O Saviño (Oferta de Emprego Público Extraordinario 2022), de conformidade coa base novena da convocatoria, fanse públicos os resultados dos procesos citados.

A puntuación detallada dos méritos valorados consta nas actas das sesións dos correspondentes tribunais que se atopan publicadas no taboleiro de edictos da sede electrónica e taboleiro de edictos da Casa do Concello:

PROCESO EXCEPCIONAL PARA A ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DUNHA PRAZA DE INFORMADOR/A XUVENIL:

NOME E APELIDOS	DNI	EXPERIENCIA	FORMACION	PUNTUACION TOTAL
Liliana Rajo López	***7012**	66,98	30,00	96,98
Marta Pernas Quiroga	***4424**	16,92	30,00	46,92
Estela Rodríguez Cortiñas	***7421**	0,00	30,00	30,00

O tribunal propuxo a contratación da candidata que obtivo a maior puntuación no concurso de méritos:

NOME E APELIDOS	D.N.I	PUNTUACION
Liliana Rajo López	***7012**	96,98

PROCESO EXCEPCIONAL PARA A ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL FUNCIONARIO DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A:

NOME E APELIDOS	DNI	EXPERIENCIA	FORMACION	PUNTUACION TOTAL
Maria Teresa López Casanova	***6485**	70,00	30,00	100,00
Manuel MUÑOZ Vázquez	***8362**	46,56	30,00	76,56
MARÍA Guadalupe Pérez Martínez	***1029**	24,84	30,00	54,84
Verónica Barcon Ben	***8693**	23,64	30,00	53,64
MARIA Milagros Fraga González	***8284**	23,52	30,00	53,52
Miguel Rodríguez Cabañas	***3652**	7,08	30,00	37,08
Raul Fernández López	***9749**	0,36	30,00	30,36
Estela Rodríguez Cortiñas	***7421**	0,00	30,00	30,00

O tribunal propuxo a contratación da candidata que obtivo a maior puntuación no concurso de méritos:

NOME E APELIDOS	D.N.I	PUNTUACION
Maria Teresa López Casanova	***6485**	100,00

De conformidade coas bases, o tribunal elevou as relacións precedentes, xunto coas actas das sesións ao Sr. Alcalde.

A publicación das puntuacións realizarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. Os aspirantes propostos, achegarán no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, a documentación relacionada na base décima.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos esixidos na base terceira, os/as seleccionados/as non poderán ser nomeados/as funcionarios/as de carreira, nin poderán dilixenciarse os contratos do persoal laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas solicitudes de participación.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

O Saviñao, 19 de xullo de 2023.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2398

XERMADE

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local celebrada o 19 de xullo de 2023 aprobouse provisionalmente o padrón do imposto municipal das taxas de subministro de auga potable e recollida de lixo do 2º trimestre do 2023, e queda exposto ó público nas oficinas deste Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no BOP, a efectos de revisión ou reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo non houbera ningunha.

O prazo para o pago do citado imposto en período voluntario fíxase entre os días 1 de agosto de 2023 e o 30 de setembro de 2023, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor os recursos establecidos legalmente.

As repercusións do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Xermade, 19 de xullo de 2023.-O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2399

MANCOMUNIDADE TERRA CHA

Anuncio

A Mancomunidad de Terra Chá aprobou por resolución da súa presidencia as seguintes bases para a selección de persoal laboral temporal por concurso oposición, de 5 postos de peón forestal para o mantemento dos espazos naturais dos municipios da mancomunidad, financiado co fondo de compensación ambiental e a súa convocatoria tendo os interesados un prazo de cinco días naturais a partir do día seguinte a esta publicación para a presentación das instancias.

BASES PARA A PROVISIÓN DE 5 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PEÓN FORESTAL FINANCIADO CO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O MANTENEMENTO DOS ESPAZOS NATURAIS DOS MUNICIPIOS DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA “TERRA CHÁ”- 2023.

1.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é regular o proceso selectivo para cubrir como persoal laboral temporal mediante concurso-oposición, 5 prazas de peón forestal para o mantemento dos espazos naturais dos municipios que conforman a Mancomunidade de municipios da “Terra Chá”, ao abeiro da subvención “na Orde do 29 de decembro de 2022, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia”

2.- TEMPO, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓN

A modalidade de contratación será laboral temporal na modalidade de circunstancias de produción ao amparo do Real Decreto -lei 32/2021, de 28 de decembro

A duración do contrato será de 80 días.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación do empregado público de Galicia.

As retribucións brutas mensuais son 1.260€/peón forestal/mes

3.- REQUISITOS E CONDICIÓNS ESIXIDOS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

3.1: Requisitos xerais:

- a) Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Titulación: Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria, graduado escolar ou certificado de escolaridade.
- c) Nacionalidade: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e os nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

d) Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Incompatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) Coñecemento da lingua galega: De acordo ao establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo : *“Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.”*

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA 2, deberá superar unha proba sobre o coñecemento do idioma galego.

4.- FUNCIÓNS.

As funcións e tarefas a realizar serán as seguintes:

-As propias da categoría con incidencia especial no mantemento dos espazos naturais nos municipios que coforman a Manomunidade de municipios da “Terra Chá”.

5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Concurso-oposición.

Garantizarase a publicidade da convocatoria así como o cumprimento dos principios de libre concorrencia, mérito e capacidade.

As instancias solicitando formar parte no proceso selectivo dirixiranse ó sr. Presidente da Mancomunidade. Presentaranse no Rexistro Xeral da Mancomunidade con sede no Concello de Cospeito, Av. De Terra Chá, 29 Feira Do Monte, Cospeito debidamente cubertas segundo o anexo I, durante o prazo de 5 (cinco) días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia Lugo. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Se se opta pola presentación noutros rexistros, deberá remitirse por fax (982-520102) ó Concello de Cospeito (sede da Mancomunidade) unha copia da instancia o mesmo día de presentación no rexistro correspondente.

Xunto coa instancia presentarase a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do interesado.
- Titulación académica.
- Relación de méritos que se alegan, xunto coa acreditación documental dos mesmos.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega, de ser o caso.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Presidencia da Mancomunidade aprobarase a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello de Cospeito por ser sede da Mancomunidade e na Web da Mancomunidade: www.mancomunidadeterracha.com, outorgando un prazo de 2 días hábiles para correccións ou emenda de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello de Cospeito e na Web da Mancomunidade.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. O Tribunal cualificador estará constituído polo persoal que estableza ao efecto a Resolución de Presidencia que se dicte, debendo axustarse ao establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

2. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que celebre o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

3. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 do mesmo texto legal.

4. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nas bases.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

6. O tribunal no poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de participantes non seleccionados se establecerá unha lista de reserva para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse.

7. O tribunal cualificador adoptará as medidas necesarias para establecer as adaptacións e axustes razoables, tanto en tempos como en medios, no proceso selectivo para os aspirantes con discapacidade, cando así se indicase polo/a interesado/a na solicitude de participación no proceso de selección.

8. A Resolución que conteña a composición do tribunal e a data, hora e lugar da valoración dos méritos e da proba práctica, publicaráse no tablón de edictos do Concello de Cospeito e na web da Mancomunidade.

A efectos de percepción de asistencias, rexerá o Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, de ser o caso.

7.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección é o de concurso-oposición.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou permiso de conducir.

A) FASE DE OPOSICIÓN: puntuación máxima 10 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios:

1.º exercicio: Exáme práctico que consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións propias do posto de traballo. O exercicio valorarase cun máximo de 10 (dez) puntos, sendo necesario un mínimo de 5 puntos para superalo.

2º exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio, estará dirixido a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes, de xeito tanto oral como escrito e que consistirá na realización dunha tradución de un texto, castelán-galego ou galego-castelán, ou contetstación de un test, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 de Xullo 2007, DOG do 30 de Xullo de 2007, CELGA 2 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba como apto.

B) FASE DE CONCURSO: puntuación máxima 5 puntos.**1. Experiencia profesional:** puntuación máxima 2,50 puntos.

a) Experiencia profesional en traballos como peón forestal en administracións públicas: 0,30 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1,50 puntos.

b) Experiencia profesional en traballos como peón forestal en empresas públicas ou privadas do sector: 0,10 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1 punto.

A experiencia profesional acreditarase coa copia compulsada dos contratos de traballo e informe da vida laboral actualizado.

2. Cursos relacionados coas funcións a desempeñar: puntuación máxima 1,50 puntos.

- Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, ata un máximo de 1,50 puntos, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

a) Duración igual ou superior a 50 horas, a razón de 0,25 puntos/curso.

b) Duración igual ou superior a 150 horas, a razón de 0,50 puntos/curso.

c) Duración igual ou superior a 300 horas, a razón de 0,75 puntos/curso.

Acreditarase a formación coa copia compulsada dos diplomas dos cursos realizados.

3. Coñecemento do idioma galego: puntuación máxima 1 punto.

- Por cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente:

a) Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,50 puntos.

b) Curso medio de linguaxe administrativa: 0,75 puntos.

c) Curso superior de linguaxe administrativa: 1 punto.

No caso de posuír máis dun curso dos enumerados, valorarase solamente o de maior puntuación.

Acreditarase este apartado coa copia compulsada dos cursos ou da validación correspondente.

Os puntos obtidos na fase de concurso, sendo a puntuación máxima a otorgar nesta fase de 5 puntos, sumaráanse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva para formación da listaxe de reserva.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida na fase de oposición.

2. Puntuación obtida no apartado 1 da fase de concurso.

3. Puntuación obtida no apartado 2 da fase de concurso.

4. Puntuación obtida no apartado 3 da fase de concurso.

Debido á especificidade dos traballos a realizar, os componentes seleccionados terán unhas condicións axeitadas de saúde e aptitude física, que acreditarán, cun recoñecemento médico, realizado por unha empresa externa, sen que poidan ser contratados os candidatos que non obteñan o resultado de apto no dito recoñecemento.

8. PROPOSTA DE NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN.

Finalizado o procedemento selectivo, e establecida polo Tribunal a orde de preferencia dos candidatos segundo a puntuación obtida no dito proceso e o resultado dos recoñecementos médicos efectuados, publicaráse a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de Anuncios do Concello de Cospeito e na web da Mancomunidade

, non podendo declarar que foron seleccionados un número maior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, e o mesmo elevará a devandita relación á Presidencia que ditará resolución de contratación.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E PERÍODO DE PROBA.

No tempo que medie entre a formalización do respectivo contrato e a incorporación do candidato ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada laboral na medida e forma requiridas polo interese do servizo, dacordo coa legislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba, coa alcance previsto no texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

O contrato de traballo formalizarase cos aspirantes seleccionados, os cales deberán presentar a seguinte documentación no prazo de 2 días hábiles a contar desde a publicación do resultado da selección:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme (Anexo II).

- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

- Declaración do número de conta bancaria (IBAN).

10.- LISTAXE DE RESERVA.

Ao remate do proceso selectivo, elaboraráse unha listaxe de reserva coas persoas aspirantes presentadas ao dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia durante o período de contratación.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir.

11.- LEXISLACIÓN.

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación as seguintes disposicións:

Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro; Lei 2/2015 de 29 de abril do Empleo Público de Galicia; Lei 39/2015, de 1 outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e Lei 40/2015, de 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Cospeito, 24 de xullo de 2023.- O Presidente en funcións da mancomunidade de municipios da "Terra Chá", Armando Castosa Alvariño.

ANEXO I**MODELO DE INSTANCIA PRAZA DE PEÓN FORESTAL**

D./D^a. - _____, con

DNI nº _____ e domicilio en - _____,

teléfono nº _____ .

EXPÓN:

1.- Que enterado/a da convocatoria realizada pola Mancomunidade de municipios da "Terra Chá" para cubrir, mediante concurso-oposición, CINCO prazas de PEÓN FORESTAL cunha duración de 80 días.

2.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declara coñecer.

3.- Que xunta coa presente instancia a seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda en caso de extranxeiros.
- Copia compulsada da titulación académica correspondente.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria. (Especificar a relación dos mesmos)
- Acreditación do coñecemento do idioma galego, de ser o caso.

En base ao exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente solicitude xunto cos documentos que se acompañan e sexa admitido/a á realización das probas selectivas convocadas.

Cospeito, a ____ de _____ de 2023.

Asdo.: _____.

A/A: SR.PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ. Concello de Cospeito- Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102Concello de Cospeito

ANEXO II

D./dona _____, con D.N.I. n.º _____

con domicilio a efectos de notificación en _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme ou resolución administrativa firme.

Cospeito, a ____ de _____ de 2023

Asdo.: _____

R. 2446

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**TRIBUNAL SUPERIOR XUSTIZA DE GALICIA CON/AD SEC. 4***Anuncio***N.I.G:** 15030 33 3 2021 0000321**Procedimiento:** PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0015185 /2021 /**Sobre** HACIENDA MUNICIPAL Y PROVINCIAL**De D/ña.** ASOCIACION PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE LA CONSTRUCCION DE LUGO**Abogado:** MARIA PILAR DIAZ RODRIGUEZ**Procurador:** ANDRES CORRAL ALVAREZ**Contra D/ña.** CONCELLO DE LUGO (LUGO)**Abogado:** LETRADO AYUNTAMIENTO**Procurador:****E D I C T O**

En este órgano judicial se tramita PROCEDIMIENTO ORDINARIO 15185/2021 seguido a instancias de ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE LA CONSTRUCCIÓN DE LUGO contra CONCELLO DE LUGO (LUGO) sobre ORDENANZA FISCAL NÚMERO 152 TASAS POR APROVECHAMIENTOS ESPECIALES DA VÍA PÚBLICA Y LA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 153 TASAS POR APROVECHAMIENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA, publicado el pasado día 31.12.20 en el BOP DE LUGO, NÚMERO 300, ASÍ COMO CONTRA LA RESOLUCIÓN DE FECHA 18.01.21 DESESTIMATORIA DE LA MODIFICACIÓN DE LAS ORDENANZAS INDICADAS; en los que se ha acordado por Decreto de 14-7-23, de conformidad con lo dispuesto en el art. 107.1 LJCA, la publicación del fallo de Sentencia firme estimatoria 95/23, de fecha 6-2-23 dictada por el TSJ de Galicia Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 4ª en el PO 15185/21, a fin de dar publicidad de su contenido, siendo del tenor literal siguiente:

“**FALLAMOS:** Que ACOLLEMOS parcialmente o recurso contencioso-administrativo presentado pola ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE LA CONSTRUCCIÓN DE LUGO contra a aprobación da MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS 152/153 DO CONCELLO DE LUGO, anulando parcialmente o artigo 4 da ordenanza 152, en concreto, os coeficientes C-4-C-5-C6 (no que afecte ó sector da construción). Non facemos declaración das custas.”

A Coruña, 18 de julio de 2023.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA, Dª PILAR CANCELA RAMÍREZ DE ARELLANO.**

R. 2400

*Anuncio***N.I.G:** 15030 33 3 2022 0001249**Procedimiento:** PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0015574 /2022 /**Sobre** HACIENDA MUNICIPAL Y PROVINCIAL**De D/ña.** RED ELECTRICA DE ESPAÑA SAU**Abogado:** MANUEL ENRIQUE DE VICENTE-TUTOR RODRIGUEZ**Procurador:** AMALIA MOSQUERA HERRERO**Contra D/ña.** CONCELLO DE LOURENZA (LUGO)**Abogado:** LETRADO DIPUTACION PROVINCIAL**E D I C T O**

En este órgano judicial se tramita PROCEDIMIENTO ORDINARIO 15574/2022 seguido a instancias de RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA SAU contra CONCELLO DE LOURENZA (LUGO) sobre ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TASA APROVECHAMIENTO ESPECIAL DEL DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIONES DE TRANSPORTE DE ENERGÍA ELÉCTRICA, GAS, AGUA E HIDROCARBUROS, PUBLICADA EN EL BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE LUGO NÚM 140 DE 20/06/2022; en el que se ha acordado por Decreto de 17-7-23, de conformidad con lo

dispuesto en el art. 107.1 LJCA, la publicación del fallo de Sentencia firme estimatoria 15/23, de fecha 20-1-23 dictada por el TSJ de Galicia Sala de lo Contencioso- Administrativo, Sección 4ª en el PO 15574/22, a fin de dar publicidad de su contenido, siendo del tenor literal siguiente:

“**FALLO:** Que estimamos el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA SAU contra la aprobación definitiva de la Ordenanza fiscal del Ayuntamiento de Lourenzá, reguladora de la “taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos”, publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo núm. De 20 de junio de 2022 la cual anulamos por ser contraria a Derecho. Sin expresa imposición de las costas procesales.”

A CORUÑA, dieciocho de julio de dos mil veintitrés.- **EL/LA LETRADO/A DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**
PILAR CANCELA RAMÍREZ DE ARELLANO.

R. 2401

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO

Anuncio

Convocatoria de subvenciones para las asociaciones culturales e entidades xurídico privadas sin ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido da cultura. 2023

BDNS (Identif.): 709654

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/709654>)

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA LAS ASOCIACIONES CULTURAIS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA (ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA) E PARA MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUEÑAS REPARACIONES DAS INFRAESTRUCTURAS, NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTES PROGRAMAS E ACTIVIDADES-EXERCICIO ECONÓMICO 2023.

De conformidade co establecido nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria de subvencions para as asociacións culturais e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da cultura e para mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se leven a cabo as mesmas, cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions.

PRIMEIRO: OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencions por parte do Concello de Lugo, Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ás asociacións e a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2023, de programas e actividades culturais que beneficien a colectivos no eido da cultura, así como para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das Infraestruturas nas que se levan a cabo os ditos programas e actividades e que en todo caso estean directamente relacionadas co fomento da cultura, o turismo ou a promoción da lingua.

SEGUNDO: ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencions todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo.
- b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, Rexistro público de fundacións ou calquera outro rexistro público.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.
- d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions.
- e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencions concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da cultura.
- g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación cultural realizada pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2023.

i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e, de ser o caso, renovación dos membros da directiva.

j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

TERCEIRO.-BASES REGULADORAS

As bases xerais reguladoras da concesión de subvencións a asociacións e/ou entidades xurídico- privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades culturais que beneficien a colectivos no eido da cultura, así como para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo os ditos programas e actividades no exercicio económico 2023, aprobadas na Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, acordo número 22/566 do 19 de xullo de 2023.

CUARTO.-IMPORTE

No orzamento municipal para o Exercicio de 2023 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo o cadro que a continuación se indica:

Servizo

Partida orzamentaria

Importe

Cultura

33000.48900

14.900,00 €

QUINTO. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Criterio de valoración

Puntuación

Interese xeral da actividade ou programa no ámbito municipal.

Ata 1

Orixinalidade e carácter innovador da actividade.

Grao de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio. Ata 0,5

Carácter permanente e continuo da actividade subvencionada ou programa (sen contar a edición actual).

De 1 a 5 anos de actividade: 1 punto.

De 6 a 10 anos de actividade: 2 puntos.

Máis de 10 anos de actividade: 3 puntos.

Ata 3

Que se trate de entidades ou asociacións que colaboren desinteresadamente, sen contraprestación económica, en actuacións organizadas polo Concello de Lugo:

1 actuación: 0,5 puntos.

Máis de 1 actuación: 1 punto.

Ata 1

Actividades de carácter gratuíto, abertas ao público en xeral e que fomenten a participación da cidadanía.

Ata 1

Actividades que promoven a igualdade, non discriminación e educación e valores nas actuacións propostas.

Ata 1

Achega dun Plan de medios onde se recollan as actuacións de difusión previstas, coa correspondente especificación en cada caso e nas que se indique a colaboración do Concello de Lugo:

- Actuacións en redes sociais: 0,5 puntos.

- Cartelería e folletos impresos: 0,5 puntos.
- Anuncios en prensa escrita (xornais, revistas, etc.): 0,5 puntos.
- Anuncios en radio, tv, etc.: 0,5 puntos.

Ata 2

Difusión dos valores culturais lucenses e galegos. Ata 0,5

Que na composición da directiva da asociación exista como mínimo unha porcentaxe do 50% de mulleres. 0,5

Que a entidade conte cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade (debidamente acreditado con certificación e acordos ou actas). 0,5

Puntuación máxima

11 puntos

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto, que determinará as cantidades inicialmente asignadas a cada beneficiario. Excepcionalmente, de acordo co artigo 22.1 da LXS, prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da actividade para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

SEXTO. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o texto legal: “considérase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a subsanación”.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de QUINCE DÍAS HÁBILES, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Así mesmo publicaranse as Bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

Lugo, 24 de xullo de 2023.-

Fecha de la Firma: 2023-07-24, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

R. 2447

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/40285**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: María Dolores Vázquez González

Nombre del río o corriente: río Comezo

Caudal solicitado: 2 l/s

Punto de emplazamiento: O Solar, parroquia de San Pedro de Viana (San Pedro)

Término Municipal y Provincia: Chantada (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en el río Comezo mediante cisterna de 3000 l que transportará el agua a las parcelas en las que se realiza el pastoreo.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Chantada, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 19 de julio de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2402

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.**

EXPEDIENTE : **V/27/01393-1**
PETICIONARIO : Alejandro Vigo Ramírez
VERTIDO
DENOMINACIÓN : Vivienda en Ver nº1
LOCALIDAD : Ver nº 1, Cela (Santa María)
TÉR. MUNICIPAL : Outeiro de Rei
PROVINCIA : Lugo
RÍO/CUENCA : Regueiro do */Regueiro do *

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Ver nº1" - "Alejandro Vigo Ramírez", con un volumen máximo anual de 248 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Decantador-digestor con prefiltro
- Arqueta de toma de muestras
- Dos pozos filtrantes

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 18 de julio de 2023.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2403